

ESQUEMA DE TRABALLO EN LINGUA INGLESA
4º DE E. PRIMARIA
EQUIPO DOCENTE: INGLÉS

MATERIAIS:

- Material de elaboración propia.
- Caderno de traballo.
- Extra worksheets, Flashcards, recursos dixitais e outros materiais.
- Contos.
- Xogos.
- Posters.

PLAN DE TRABALLO:

Todas as sesións comezarán cunha rutina de saúdo e cunha actividade para repasar os contidos previamente adquiridos.

Con carácter xeral, en tódalas unidades traballarase de xeito progresivo:

- Comunicación
- Plurilingüismo
- Interculturalidade

As sesións desenvolveranse dacordo á seguinte estrutura:

1. Repaso dos contidos do día anterior.
2. Explicación dos novos conceptos.
3. Traballo da lección.
4. Posta en común.
5. Traballo individual.


Para a práctica e a realización das actividades deixarase un tempo na clase, debendo concluílas na casa aqueles alumnos/as que non aproveitasen o tempo.

CONTIDOS POR TRIMESTRE:

Os bloques de contidos desta materia son globais, polo que serán traballados nos tres trimestres de xeito gradual: Comunicación, Plurilingüismo, Interculturalidade.

Os bloques de contidos desta materia serán traballados nos tres trimestres de xeito gradual.

Ditos contidos traballarase en tódalas unidades deste curso:



BLOQUES DE CONTIDOS	CONTIDOS COMÚNS A TÓDALAS UNIDADES
<p>COMUNICACIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles. • Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. • O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. • Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
<p>PLURILINGÜISMO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. • Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
<p>INTERCULTURALIDADE</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. • Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos ás costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. • Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

A planificación para o traballo do vocabulario e das estruturas gramaticais quedaría da seguinte forma:

1 ST TERM	2 ND TERM	3 RD TERM
<p><u>Léxico de alta frecuencia relativo a:</u> Saúdos, agradecementos e despedidas, os días da semana, os meses, o tempo atmosférico, os números do 1 ao 100, os números ordinais e as partes nas que se divide un día.</p> <p><u>Estructuras sintácticas:</u> How do you spell ...? Can you repeat that please?</p> <p><u>Funcións comunicativas:</u> Saúdos, agradecementos e despedidas. Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses, o tempo atmosférico e a hora.</p> <p><u>Léxico de alta frecuencia relativo a:</u> As distintas materias da escola. As distintas dependencias do colexio.</p> <p><u>Estructuras sintácticas:</u> We've got (English) at... We haven't got PE. Have we got (Music) today? Yes, we have. / No, we haven't.</p> <p><u>Funcións comunicativas:</u> Describir as materias que aparezan nun horario e o lugar onde se imparten.</p> <p><u>Léxico de alta frecuencia relativo a:</u> Distintos tipos de cabelo e adxectivos para describir persoas.</p> <p><u>Estructuras sintácticas:</u> He's got (long hair). He hasn't got (short hair). Has he got (straight hair)? Yes, he has. / No, he hasn't.</p> <p><u>Funcións comunicativas:</u> Describir as características físicas dalgunhas persoas.</p>	<p><u>Léxico de alta frecuencia relativo a:</u> Lugares que poden estar nunha cidade. Os medios de transporte.</p> <p><u>Estructuras sintácticas:</u> There's a (cinema) in the street. There are (shops) in the street. Is there a (museum)? Yes, there is. / No, there isn't. Are there any (shops)? Yes, there are. / No, there aren't.</p> <p><u>Funcións comunicativas:</u> Describir os lugares que se poden atopar nunha cidade.</p> <p><u>Léxico de alta frecuencia relativo a:</u> Distintas profesións.</p> <p><u>Estructuras sintácticas:</u> What does he do? He's a (vet). Is she a (a farmer)? Yes, she is. / No, she isn't. He works / doesn't work (in a hospital). Does he work (with animals)? Yes, he does. / No, he doesn't.</p> <p><u>Funcións comunicativas:</u> Describir distintos traballos.</p>	<p><u>Léxico de alta frecuencia relativo a:</u> Actividades de ocio e hobbies.</p> <p><u>Estructuras sintácticas:</u> Is your favourite activity (taking photos)? Yes, it is. / No, it isn't. I like / don't like (shopping). Do you like (dancing)? Yes, I do. / No, I don't. She likes / doesn't like (using the computer).</p> <p><u>Funcións comunicativas:</u> Describir gustos persoais dun mesmo e dunha terceira persoa.</p> <p><u>Léxico de alta frecuencia relativo a:</u> Distintos elementos que se poden atopar nunha paisaxe.</p> <p><u>Estructuras sintácticas:</u> Turn (right) at the (farm). Don't turn (left). Go to the end of the path. Do I go (straight on)? Do we go (over the bridge)?</p> <p><u>Funcións comunicativas:</u> Ser quen de expresar direccións referíndose a elementos que se atopan nunha paisaxe.</p>



INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Buscarase en todo momento facer partícipe ao alumnado da súa propia avaliación: coavaliación e autoavaliación.

BLOQUES DE CONTIDOS	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN	%
COMUNICACIÓN	Escala de observación. Rexistro anecdótico. Intercambios orais. Probas específicas. Análise da produción do alumnado: worksheets, textos escritos...	40
PLURILINGÜISMO	Escala de observación. Rexistro anecdótico. Probas específicas. Intercambios orais.	40
INTERCULTURALIDADE	Escala de observación. Rexistro anecdótico. Lecturas traballadas na aula. Observación dunha actitude positiva e interese de cara á lingua inglesa.	20

Ao final de trimestre, ademais de valorar os resultados das probas escritas, teremos en conta o traballo cotiá, actitude na clase e participación nas actividades.

